

Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles. En Galicia proliferaron nas dúas ultimas décadas os parques eólicos (por exemplo preto da costa), actualmente é unha das principais produtoras deste tipo de enerxía en España / En Galicia pola súa orografía e tipo de ríos, se estableceron moitos encoros para aproveitamento hidroeléctrico como por exemplo o do río Xallas na central do Ézaro.

Fondos estruturais.- Son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinados ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego. Por exemplo en España se adican parte destes fondos a investir en investigación e desenvolvemento, para mellorar a competitividade, ou a bolsas de formación en empresas.

Subcontratación.- A subcontratación, outsourcing ou tercerización é o proceso económico no que unha empresa move ou destina os recursos orientados a cumprir certas tarefas cara a unha empresa externa por medio dun contrato. Por exemplo, unha compañía dedicada ás demolicións pode subcontratar a unha empresa dedicada á evacuación de residuos para a tarefa de desfacerse dos escombros das unidades demolidas. Por exemplo a Citroën de Vigo non fabrica todas as pezas dos seus vehículos, senón que subcontrata con empresas máis pequenas elementos como os volantes, ou a grandes multinacionais pezas como as buxías (Bosch)

Industrias verdes.- Unha industria verde é aquela na que o valor central non é o crecemento económico senón o desenvolvemento sostible -a través do respecto ao medio ambiente e o uso preferente de enerxías alternativas ou renovables-. Unha industria verde crea valor económico, medioambiental e social. Por tanto, nelas un valor fundamental é o de evitar a contaminación industrial e o deterioro da paisaxe. Na actualidade a forte expansión dunha conciencia ecolóxica está provocando que tamén as grandes empresas españolas, estean a traballar en reducir ao máximo a súa pegada ecolóxica, someténdose a auditorías ecolóxicas e obtendo certificacións enerxéticas.

Materias primas estratéxicas.- Materias primas e fontes de enerxía que ben pola amplitude da súa demanda, ben polo carácter focal ou hexemónico da súa oferta, constitúen bens escasos ou xeran dependencia nas economías de terceiros países. Un exemplo claro para España son os recursos enerxéticos non renovables dos cales somos importadores, como é o caso do petróleo, no caso español o prezo e abastecemento deste produto vese afectado polas tensións internacionais con países produtores, como foi o caso de Irán (abastecedor) e EEUU (aliado español)

Parques tecnolóxicos.- Instalación industrial que persigue a promoción da cultura e a innovación, así como a competitividade das súas empresas estimulando e xestionando a transferencia tecnolóxica e de coñecementos entre universidades, empresas e mercados, xunto con outras institución de I+D. Facilitan a creación e crecemento de compañías innovadoras e ofrecen servizos de valor engadido, ademais de espazos e instalacións de alta calidade. Un exemplo sería o Parque Tecnolóxico de Galicia situado no Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense), e que está participado pola administración autonómica, as locais e provincial, e polas tres universidades galegas.